

# Cuestionario Convivencia

## Preguntas frecuentes

### Índice

Que é e para que serve este cuestionario?.....	2
Que centros teñen que cubri-lo?.....	2
Cubrirano agora todos os centros?.....	2
Quen ten que cubri-lo en cada centro?.....	2
Cantas variantes de cuestionario hai?.....	2
É obrigatorio cubrir o cuestionario?.....	3
Cantas preguntas ten cada cuestionario?.....	3
Que tipo de preguntas teñen os cuestionarios?.....	3
Canto se tarda en cubrir cada cuestionario?.....	4
Pódese cubrir o cuestionario por partes?.....	4
Pódense modificar respostas?.....	4
Como se cubren?.....	4
Cando hai que cubrir os cuestionarios?.....	4
Cando imos ter os resultados?.....	5
Que son as claves e para que serven?.....	5
As claves poden usarse máis dunha vez?.....	5
Que pasa se perdo a miña clave?.....	5
Como contacto coa UAC?.....	5
Cantos cuestionarios teñen que cubrir as familias?.....	6
Que mecanismos internos temos para validar as respostas e garantir o anonimato?.....	6
Como se organizan os centros para cubrir os cuestionarios?.....	6
Podo ter algún problema técnico?.....	7
Que pasa co alumnado con necesidades educativas especiais?.....	7
E se algún alumno ou algunha alumna ten dificultades co cuestionario?.....	7
Que se vai facer cos resultados?.....	8



## Que é e para que serve este cuestionario?

No marco do Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, e da Lei 4/2011, de 30 de xuño, que desenvolve, prevese a redacción e execución en cada centro escolar da nosa comunidade, dun Plan de Convivencia Escolar, que deberá estar baseado na diagnose da súa situación particular e actualizado para dar resposta ás necesidades e situacións cambiantes dos centros educativos.

Así mesmo, en base ao dito Decreto, constituíuse o día 24 de abril de 2015 o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxa primeira tarefa foi a revisión e aprobación da Estratexia Galega para a Convivencia Escolar 2015-2020 (coñecida como [educonvives.gal](http://educonvives.gal)). O primeiro eixe proposto para esta estratexia é a diagnose do clima escolar da nosa comunidade para detectar os seus puntos fortes e febles e, en base a evidencias e datos de calidade, poder tomar decisións axeitadas.

Esta diagnose, realizada durante o curso 2015-2016, serviu a un dobre propósito: dunha banda informou a nivel global sobre a comunidade e doutra facilitou o traballo dos centros fornecendo tanto dunha análise previa como dos datos pertinentes para a elaboración do seu propio plan de Convivencia.

É necesario neste momento proceder a unha actualización dos datos que permita axustar as respostas educativas e organizativas en ambos niveis.

[Volver ao índice](#)

## Que centros teñen que cubri-lo?

O cuestionario está destinado a todos os centros públicos e privados concertados de Galicia, independentemente da etapa ou tipo de ensinanzas que impartan.

[Volver ao índice](#)

## Cubrirano agora todos os centros?

Si, todos os centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos cubriran o cuestionario durante este segundo trimestre do curso 2018/2019, xa que cando a enquisa peche non se volverá a abrir ata vindeiras edicións.

[Volver ao índice](#)

## Quen ten que cubri-lo en cada centro?

Terá que cubri-lo todo o profesorado, todo o persoal non docente, todo o alumnado a partir de 5º de EP (5º e 6º de primaria, ESO, bacharelato, Formación Básica, FP, Ensinanzas de Adultos, alumnado de ensinanzas especiais, deportivas, EOI etc.), e as familias de todo o alumnado menor de 18 anos (cubrise o cuestionario o/a seu/súa fillo/a, ou non).

[Volver ao índice](#)

## Cantas variantes de cuestionario hai?

Existen seis versións distintas do cuestionario, en función do colectivo da comunidade educativa á que vai dirixido:

- Cuestionario de profesorado: a cubrir por todo o profesorado, independentemente da súa especialidade ou cargo no centro.

- Cuestionario de alumnado de 5º de EP a 4º de ESO: trátase dun cuestionario reducido, con xuízos de valor menos elaborados, linguaxe sinxela e máis directa.
- Cuestionario de alumnado de ensinanzas postobrigatorias (Bacharelato, FP, adultos e ensinanzas de réxime especial); algo máis completo e elaborado que o anterior.
- Cuestionario para alumnado con n.e.e.:
  - Cuestionario pictográfico: apoio visual para alumnado con n.e.e. usuario de SAAC pictográfico ou similar, para que sirva de axuda ao profesorado que actúe como mediador.
  - Formulario de traslado das respostas do cuestionario pictográfico ao sistema de enquisas, a cubrir pola persoa mediadora.
- Cuestionario para familias: con preguntas directas para que poida ser abordable; cubrirase un por cada centro no que teña escolarizado/a un/unha fillo/a (independentemente da etapa que curse).
- Cuestionario para persoal non docente: sobre os aspectos que, desde a súa perspectiva, poden afectar á convivencia no centro.

[Volver ao índice](#)

## É obrigatorio cubrir o cuestionario?

É obrigatorio informar a toda a comunidade educativa e facilitarlle as claves para poder participar, aínda cando manifesten que non teñen intención de cubrir o cuestionario. O alumnado desde 5º de EP ata 4º da ESO deberá en todo caso acceder aos cuestionarios no propio centro, tal e como ocorreu na edición anterior (aínda que poderá marcar como opción NS/NC).

Este cuestionario é unha acción da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional encamiñada á mellora da convivencia, que redundará en beneficio de cada centro educativo. Serán estes quenes obteñan os datos, polo que se recomenda encarecidamente a participación de todos os membros da comunidade educativa, e moi especialmente do persoal docente e non docente.

[Volver ao índice](#)

## Cantas preguntas ten cada cuestionario?

En torno a 15 preguntas, incluíndo os datos estatísticos como sexo ou idade. Dependendo das respostas que se vaian dando poden ser máis ou menos, posto que non se pregunta sobre cuestións que xa se declarou previamente que non se daban ou non eran un problema no centro.

[Volver ao índice](#)

## Que tipo de preguntas teñen os cuestionarios?

Hai preguntas estatísticas (como “sexo”, “idade” ou “nacionalidade”), pero sempre con coidado de que non sexan suficientes para identificar ás persoas concretas; preguntas sobre experiencia persoal (do tipo “fuches testemuña dalgún estrago no centro?”), e preguntas de apreciación (do tipo “paréceme que a convivencia no centro mellorou moito”).

Excepto aquelas preguntas que solicitan datos numéricos (como “idade”), a meirande parte das preguntas se responden marcando opcións, ben por elección simple ben por elección múltiple, sendo obvio cando se pode dar ou non máis dunha resposta (ademais está indicado).

[Volver ao índice](#)

## Canto se tarda en cubrir cada cuestionario?

Segundo os datos que temos da primeira edición censual, tórdase uns 10 minutos de media. Esta métrica serve como mecanismo de control interno: todos os cuestionarios que se cubran nun tempo anormalmente baixo, serán descartados do cómputo de resultados por seguridade, pois presuponse que son cubertos ao chou e sen ler as preguntas.

Os cuestionarios que se cubran nun tempo excepcionalmente superior, non obstante, non serán desbotados posto que entendemos que certas persoas poden darse situacións como ter que reflexionar máis do esperado ou ben precisar axuda coa interpretación das preguntas.

[Volver ao índice](#)

## Pódese cubrir o cuestionario por partes?

Non existe unha opción para gravar parcialmente as respostas e despois retomar o cuestionario onde se deixou, e ademais as claves son de uso único unha vez que preme en "enviar". Polo tanto pechar a sesión ou o navegador tras estar identificado, coa enquisa sen rematar, supón que non se poida continuar máis tarde onde se deixou.

Polo tanto o recomendable é cubrir o cuestionario dunha única vez.

[Volver ao índice](#)

## Pódense modificar respostas?

Por motivos de seguridade, na aplicación non existe a posibilidade de volver á pantalla anterior (e o botón de pantalla atrás ou pantalla anterior do navegador tampouco é válido). Por tanto se, tras avanzar no cuestionario premendo en "seguinte", por calquera motivo se quixese voltar á pantalla previa para modificar algunha resposta, a única opción sería pechar o navegador sen enviar a enquisa, e volver a entrar empregando a mesma clave, para cubrir integramente o cuestionario de novo.

[Volver ao índice](#)

## Como se cubren?

Debe ser cuberto en liña accedendo a unha ferramenta de xestión de cuestionarios que a Consellería utilizou en ocasións anteriores. Esta ferramenta o que fai e presentar en pantalla os formularios para que poidan cubrirse facendo clic nas casas/botóns correspondentes.

[Volver ao índice](#)

## Cando hai que cubrir os cuestionarios?

Os cuestionarios estarán dispoñibles ata o 17 de marzo. A edición anterior amosou que tres semanas foi tempo máis que suficiente para os centros. O obxectivo é interferir o menos posible no normal desenvolvemento da actividade educativa.

Ao tratarse de cuestionarios en liña, pódese acceder a eles a calquera hora do día.

[Volver ao índice](#)

## Cando imos ter os resultados?

Logo de recadados os resultados teremos que traballar sobre a presentación que garanta exquisitamente o anonimato abordando as casuísticas que poidan xurdir e de xeito totalmente automatizado. Todo iso seguramente levará un tempo, polo que a previsión é que estean dispoñibles no terceiro trimestre.

[Volver ao índice](#)

## Que son as claves e para que serven?

Son códigos, formados por números e letras maiúsculas, que permiten acceder aos cuestionarios soamente ás persoas dun determinado colectivo e centro, pero sen identificalas de forma individual.

A dirección do centro xerará desde a aplicación [convivenciaxestion](#) un informe en formato *pdf* con ditas claves de acceso para os cuestionarios de cada colectivo. Neste documento tamén irán as comunicacións pertinentes a cada un dos colectivos. Así, por exemplo, ao xerar as claves para o profesorado, obterase un documento en formato *pdf* con tantas notificacións como profesorado teña o centro (máis unha cantidade adicional do 10 % por se fose necesaria) que inclúe as claves correspondentes. Cada código está asociado a un centro e colectivo, pero non está asociado a persoas concretas. Deste xeito ninguén sen código poderá engadir datos nos cuestionarios, e non se mesturarán os datos de centros e colectivos diferentes. Na aplicación haberá un documento para explicar o uso da mesma.

[Volver ao índice](#)

## As claves poden usarse máis dunha vez?

Non: son de uso único. Para cada centro entrégase un 10% de claves de máis para cada un dos cuestionarios, de xeito que, de ordinario, todos os centros dispoñan dun colchón de claves para cubrir eventualidades.

[Volver ao índice](#)

## Que pasa se perdo a miña clave?

Deberei solicitar á dirección do centro unha nova clave das que foron emitidas como marxe de seguridade. No caso de non contar con máis claves a dirección pode contactar coa UAC para acceder a novas claves, se hai causa xustificada.

[Volver ao índice](#)

## Como contacto coa UAC?

A Unidade de Atención a Centros da Consellería está dispoñible a través das seguintes vías:

- Chamando ao número de teléfono 881997701.
- Escribindo un correo electrónico ao enderezo [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es).
- Cubrindo o formulario en liña que se atopa [na súa páxina web](#).

[Volver ao índice](#)

## Cantos cuestionarios teñen que cubrir as familias?

Cada familia cubrirá un único cuestionario por cada centro no que teña fillos/as ou titorandos/as que se atopen matriculados (independentemente do seu número). Lembrar tamén que as familias teñen que cubrir o cuestionario, aínda de que o/a seu/súa fillo/a non o cubrira ou non lle tocasse cubri-lo (por exemplo, por estar matriculado en 4º de EP ou cursos anteriores).

[Volver ao índice](#)

## Que mecanismos internos temos para validar as respostas e garantir o anonimato?

Incorpóranse todos os mecanismos posibles para garantir o anonimato, xa que nos parece un aspecto crucial:

- Utilizaranse claves aleatorias para acceder aos cuestionarios.
- As preguntas presentaranse de modo aleatorio a cada usuario, así que, aínda coincidindo na mesma sala para cubrir os cuestionarios, non é sinxelo ver o que está a contestar o/a compañeiro/a cunha simple mirada furtiva.
- Garantirase que cada centro accederá unicamente aos datos agregados do informe pero non poderá acceder aos datos individuais de cada consulta nin identificar ou relacionar a persoas concretas coas consultas realizadas. Esta garantía está asegurada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia e responsable da execución dos instrumentos da política da Xunta no eido das tecnoloxías da información e comunicacións.
- En ningún caso se van a entregar aos centros datos que, pola súa natureza, poidan permitir a identificación da persoa que os aporta. Por exemplo, a opinión do persoal non docente será tida en conta en todos os casos a nivel global tanto na comunidade como nos centros, pero os datos sobre opinión do persoal non docente non se entregarán diferenciados a cada centro cando este conte con menos de 5 persoas, dado que con menos individuos sería relativamente sinxelo extrapolar a quen corresponden as respostas.

[Volver ao índice](#)

## Como se organizan os centros para cubrir os cuestionarios?

Como noutras ocasións (anterior enquisa de convivencia, enquisas sobre hábitos dixitais ou vocacións STEM, realizadas con esta mesma ferramenta en centros da comunidade) prégase aos centros que den as máximas facilidades ao profesorado e o persoal non docente, de xeito que poidan ter acceso aos cuestionarios en liña no propio centro.

O alumnado do ensino obrigatorio, un/ha profesor/a ou grupo de profesores/as acompañará por quendas a cada grupo de alumnado ás salas con ordenadores para cubrir o cuestionario, facilitando que non poidan verse facilmente as respostas uns aos outros (aínda que nas enquisas as opcións de resposta xéranse en orde aleatorio para minimizar problemas neste aspecto). Pode parecer un proceso engorroso pero logo da incerteza do primeiro grupo, resulta unha tarefa sinxela.

En canto ao alumnado de ensino postobrigatorio cubrirá os cuestionarios polos seus propios medios toda vez que é autónomo nestas tarefas.

Así mesmo, os centros entregarán aos irmáns os ás irmás maiores a carta para as familias, coas que estas poderán participar polos seus propios medios na recollida de datos.

Os cuestionarios son accesibles, ademais de desde ordenador, desde calquera dispositivo móbil con


conexión a internet tanto en WIFI como mediante tarifa de datos, de xeito áxil e sinxelo.

[Volver ao índice](#)

## Podo ter algún problema técnico?

O feito de cubrir os cuestionarios en liña sempre pode supor algún problema, pero normalmente son doados de solucionar cunha boa previsión: conectividade, cobertura, batería...

Unha incidencia habitual é recibir no navegador unha mensaxe de alerta de seguranza. Débese a que para garantir a seguridade do proceso a aplicación utiliza un certificado de seguridade da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre que pode non ser recoñecido por todos os navegadores (especialmente se non están actualizados). Pode confiar plenamente na seguridade da páxina e engadir unha excepción de seguridade para solucionala.



[Volver ao índice](#)

## Que pasa co alumnado con necesidades educativas especiais?

O alumnado con n.e.e. pode precisar dun/ha mediador/a que lle axude a cubrir o cuestionario. Pode ser calquera docente co que o alumno ou a alumna teña afinidade, ou pode ser a súa propia familia. Será unha decisión que deberá consensuarse, en calquera caso. A persoa mediadora axudará ao/á alumno/a a entender o significado das preguntas e posibles respostas, na medida das súas posibilidades.

A modo de axuda existe un cuestionario pictográfico sinxelo elaborado con pictogramas de ARASAAC que, centrado nas cuestións máis básicas, facilita dar voz a este colectivo de alumnado. A persoa mediadora transcribirá logo as preguntas a un cuestionario en liña ao obxecto de dixitalizar as respostas. É un proceso moi rápido e sinxelo.

[Volver ao índice](#)

## E se algún alumno ou algunha alumna ten dificultades co cuestionario?

Pode contar coa axuda dunha persoa mediadora, profesor/a do centro ou a súa propia familia, que lle axude a entender as preguntas e elaborar as respostas, sempre desde o rigor e a obxectividade.

No caso de alumnado que tivese imposible aportar ningunha resposta, pregamos as direccións que anoten cales son as razóns que motivan tal imposibilidade (ausencia prolongada por enfermidade, descoñecemento total das linguas vehiculares...) para poder facer un computo diferenciado destes casos con respecto á abstención.

[Volver ao índice](#)

## Que se vai facer cos resultados?

Por un lado cada centro vai a recibir os seus datos agregados, de tal xeito que non poida deducir, trazando respostas, a quen pertence cada cuestionario; así como unha pre-análise que consideramos suficiente para encarar a revisión, se procede, do Plan de Convivencia.

Por outra banda a Consellería vai facer unha actualización do diagnóstico xeral da situación da comunidade que permita caracterizar o clima escolar galego e mellorar a toma de decisións a nivel global. Isto servirá tamén de referente para cada centro a nivel individual.

A Consellería en ningún momento vai traballar con datos centro a centro nin vai a establecer métricas nesa liña. Non se trata de respaldar ningunha visión nin de premiar ou facer de menos a ningún. En convivencia escolar todos temos debilidades e fortalezas, puntos de mellora a curto e a longo prazo... É labor de cada centro tirar as súas propias conclusións e atopar nos datos e no pre-informe os seus puntos fortes e febles.

[Volver ao índice](#)